

SVV/acc

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2025008471
ASUNTO	PROGRAMA “LECE EN FAMILIA” 2025
TRÁMITE	APROBACIÓN DAS RELACIONS DEFINITIVAS DAS SOLICITUDES E DATA DO SORTEO DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA” 2025

A deputada delegada da área de Benestar Social, no exercicio das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeiro. A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e do reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrado na persoa.

Nesta liña, a Deputación de Pontevedra quere fortalecer o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa. Por iso, é deber dos poderes públicos recoñecer e amparar a familia en todas as súas manifestacións e formas de organización, dándolles un especial apoio e protección.

Lecer en Familia caracterízase por ofrecer unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra que, como mínimo, sexa de 3 estrelas: establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión. A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte ao mediodía.

Segundo. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 28 de marzo de 2025, acordou a aprobación das “BASES REGULADORAS DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2025”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 77, de 24 de abril de 2025.

Terceiro. O programa oferta 2.957 prazas nas seguintes modalidades:



- 2.907 prazas de réxime xeral: a Deputación subvencionará 60 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 euros para as de 3 a 12 anos (estas incluídas). O prezo das prazas destas e destes menores será o 50 % do prezo da praza de persoa adulta ou maior de 12 anos, mentres que as e os menores de 3 anos irán de balde.
- 50 prazas de réxime especial: a Deputación subvencionará o 100 % do prezo de adxudicación.

Cuarto. O procedemento de concesión das 2.957 prazas (de réxime xeral ou especial) levarase a cabo por sorteo entre as solicitudes definitivamente admitidas que cumpran os requisitos establecidos e ata esgotar o crédito previsto para o programa en cada modalidade. Tendo en conta o anterior, cubrirase inicialmente un máximo de 2.957 prazas e as demais solicitudes que cumpran os requisitos quedarán na lista de agarda.

Quinto. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, que abarcou do 2 ao 16 de maio de 2025, con data 29 de setembro de 2025 publicouse na paxina Web da Deputación de Pontevedra a resolución provisional de persoas admitidas e non admitidas xunto coas causas de exclusión. E concedeuse un prazo de 5 días hábiles que as persoas solicitantes para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión. Dito prazo foi 30 de setembro ao 6 de outubro de 2025.

Tras a revisión das emendas presentadas e comprobada a documentación, o resultado definitivo é o seguinte:

Total de solicitudes: 2.237 correspondentes a 7.870 persoas.

En canto a solicitudes admitidas que cumpren os requisitos establecidos nas bases reguladoras:

- 2.017 solicitudes teñen admitidas todas as persoas integrantes da unidade de convivencia que corresponden a 7.103 persoas.
- 80 das solicitudes que presentan algún membro da unidade de convivencia excluído por non cumprir os requisitos das bases teñen aceptadas a 222 persoas.

En total son 7.325 persoas definitivamente admitidas.

En canto a solicitudes non admitidas:

- 42 solicitudes resultaron excluídas por duplicidade, o que supón un total de 155 persoas



- 3 solicitudes foron presentadas fora do prazo sinalado, correspondentes a 9 persoas solicitantes.
- 95 solicitudes resultaron excluídas por non cumprir a persoa solicitante os requisitos establecidos nas bases, e/ou non achegar a documentación esixida, o que supón un total de 296 persoas.
- 80 solicitudes presentan algún membro da unidade familiar rexeitado por non cumprir os requisitos das bases, o que supón un total de 307 persoas. (destas 85 persoas están incluídas nalgunha das 80 solicitudes aceptadas con algunha persoa rexeitada)

En total son 545 persoas rexeitadas definitivamente.

Respecto ao réxime de acceso ao programa; 6.973 persoas resultan definitivamente admitidas polo réxime xeral e 352 persoas polo réxime especial.

Sexto. Con data 13 de outubro de 2025, Intervención emite Dilixencia de fiscalización e conforme do informe-proposta deste Servizo (CSV: QRT3R3ZOLT3T9M4V)

LEXISLACION APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2025, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
- Bases de execución do Orzamento provincial e Orzamento provincial

Vistos os antecedentes mencionados, de acordo co establecido nas bases da convocatoria,
RESOLVO

Primeiro. Aprobar as relacións definitivas das solicitudes do programa “Lecer en familia” 2025.



Segundo. Publicar na páxina web o anuncio relativo á aprobación das relacións definitivas das solicitudes do programa; así mesmo, de conformidade co establecido no apartado quinto das bases reguladoras, enviarase unha mensaxe de texto ao número de teléfono móbil indicado para que as persoas solicitantes consulten os Anexos.

Terceiro. Fixar a data do sorteo de prazas entre as solicitudes admitidas para o 15 de outubro de 2025 ás 10.30 horas na Sala de Prensa do Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra.

Figuran asinadas no expediente da convocatoria :

- Relación definitiva de solicitudes admitidas e solicitudes admitidas con algunha persoa non admitida (CSV: V9TSUQ7IXF1QNNMH)
- Relación definitiva de solicitudes non admitidas xunto coas causas de rexeitamento. (CSV: VPHJWB7TI9PI8094)

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que considere conveniente.

